



PROXECTO LECTOR DE CENTRO CPI VIRXE DOS REMEDIOS CASTRO CALDELAS OURENSE

LIMIAR

0- Introducción e contextualización

1- Análise da situación da lectura e da escritura no centro.

- **Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.**
- **Identificación de logros e dificultades.**
- **Análise das metodoloxías empregadas.**
- **Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.**
- **Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.**

2- Obxectivos, fundamentos e organización:

- **Formación de lectores competentes.**
- **Creación e consolidación de hábitos de lectura.**
- **O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información. Literacidade. Competencia lectora. Competencia literaria. Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.**
- **Metodoloxías máis axeitadas.**
- **Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.**
- **A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social. Recursos culturais do entorno(biblioteca e outros).**
- **Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.**
- **Modo de difusión e apoios necesarios.**

3-Intervencións que cómpre sistematizar:

- **Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.**
- **Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas.**
- **Actividades de educación documental (educación en información).**
- **Integración das TIC.**
- **Implicación das familias e do entorno.**

4-Criterios e procedementos de avaliación.

- **Elaboración de instrumentos.**
- **Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación.**

0- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O Proxecto Lector é un documento deseñado para desenvolver a medio prazo no que se deben recoller todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas, especialmente:

- ✓ Comunicación lingüística.
- ✓ Tratamento da información e da competencia dixital.
- ✓ Competencia cultural e artística.
- ✓ Competencia para aprender a aprender.

Para o seu deseño partiremos da análise do contexto en materia de lectura ;na súa elaboración participará o profesorado das distintas áreas, materias e ciclos e incorporará a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

A filosofía do Proxecto Lector defende que a lectura é una das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo. Este proxecto nace co obxectivo de mellorar esa competencia e fomentar o hábito lector do alumnado. A mellor ferramenta da que podemos dispoñer os centros educativos para levar a termo ese obxectivo son as bibliotecas escolares.

O Proxecto Lector garantirá a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva exige un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O profesorado de todas as áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

Entre os principais obxectivos do Proxecto Lector están os seguintes:

- Aumentar os índices de lectura dos alumnos en todas as disciplinas.
- Formar aos alumnos como usuarios plenos da palabra escrita e da expresión oral: que sexan escritores, lectores e comunicadores.
- Sensibilizar á comunidade educativa primeiro e á sociedade despois sobre a necesidade de traballar na lectura.
- Garantir o acceso aos libros e aos diferentes soportes de comunicación.
- Articular as relacións no centro educativo entre os docentes do mesmo curso e cos de cursos diferentes, das mesmas áreas ou de outras para compartir recursos e establecer una aprendizaxe interdisciplinaria.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Educar no uso crítico da información.

En canto ás características do noso centro podemos dicir que o CPI Virxe dos Remedios está situado na comarca de Terra de Caldelas e recibe nenos dos municipios que colidan: A Teixeira, Parada de Sil, Montederramo e Chandrexa de Queixa. É una comarca eminentemente rural e centra a súa economía no sector agropecuario.

Imparte tres niveis educativos: Infantil, Primaria e Secundaria. O noso centro está composto por dous edificios independentes e integrados no mesmo recinto escolar. No edificio de infantil e primaria atópanse dúas

aulas de infantil, tres de primaria, unha biblioteca, unha aula de PT/AL ,un salón de actos, comedor, ximnasio, aula de música, aula de inglés e aula de relixión. O edificio de secundaria está composto por catro aulas xerais, dúas aulas de desdobre, laboratorio, aula de tecnoloxía e informática, aula de música e debuxo e unha biblioteca.

Case todo o alumnado é transportado e fai uso do servizo de comedor.

O nivel socioeconómico e cultural dos proxenitores é de tipo medio-baixo. A maioría non son capaces de axudar ós seus fillos cos deberes escolares e a posibilidade de asistir a clases particulares é moi remota debido ao illamento da zona.

O contorno sociolingüístico do centro é maioritariamente galegofalante. O galego é a lingua empregada habitualmente nas comunicación orais nas familias do concello de Castro Caldelas, dado que esa é a lingua materna da maioría da poboación. Con todo existe algunha diferenza a nivel social (algunhas familias empregan o castelán)e detéctase perda de lingua interxeracional.

Trátase dunha poboación disglósica, e dicir, que emprega o galego en situación orais, en contextos coloquiais, pero tende ó uso do castelán en contextos formais e sobre todo na escrita, onde non adoita ter dominio do galego.

O alumnado presenta as mesmas características, coa salvidade de que controla máis o rexistro culto do que o fan os maiores do seu contorno. Con todo, o alumnado pese a ser galegofalante, cómpre salientar que ,en xeral, non ten unha competencia moi alta no que se refire ó rexistro culto, tanto a nivel escrito como oral.

1-Análise da situación da lectura e da escritura no CPI Virxe dos Remedios.

Como dixemos anteriormente, o principal obxectivo do Proxecto Lector é o fomento da lectura. Este é un obxectivo moi ambicioso e difícil de poñer

en marcha porque a realidade dinos que os alumnos cada vez len menos e ven máis a televisión, len por obriga a maioría das veces.

Aínda con esas dificultades, dende o noso colexio consideramos de vital importancia afrontar o reto de promover o pracer da lectura, posto que se os alumnos adquiren este hábito nestas idades en que están a forxar as súas personalidades, pensamos que non será fácil que o abandonen ó longo das súas vidas.

A situación actual da lectura e a escritura no noso centro pódese resumir en varios puntos que detallamos a continuación:

- En xeral, a diario en todas as clases se levan a cabo tanto lecturas individuais como colectivas, nos libros de texto, contos, poemas, enunciados de exercicios, de problemas...
- En canto á escritura, tamén se practica a diario a través de redaccións de diferentes temas, resumos, esquemas...
- Todos os días se adican 30 minutos á lectura, xusto antes do recreo; nalgunhas aulas trátase dunha lectura individual e silenciosa e noutras faise unha lectura colectiva e en voz alta; é o caso dos alumnos de primeiro e segundo de primaria que aínda precisan de alguén que guíe as súas lecturas.
- Ás veces, emprégase a modo de reforzo do proceso lecto-escritor a aula de informática con programas como “El conejo lector”, “Pipo”...
- Tódalas aulas dispoñen dunha biblioteca de aula a disposición dos alumnos; estas bibliotecas están bastante ben dotadas de exemplares adaptados á idade dos nenos. Estes poden collelos tanto para ler na aula nos momentos reservados polo mestre para tal fin ou levalos para a súa casa e devolverlos no prazo que o mestre dispoña.
- Ademais da lectura e escritura tamén traballamos moito a expresión e comprensión oral tanto en lingua castelá como galega a través de actividades como: contarlle aos compañeiros un

resumo do conto que acaban de ler, preguntas de comprensión dunha lectura...

- En canto ao papel das familias pódese dicir que canto máis pequenos son os seus fillos máis se implican no proceso lector, lendo contos con eles, comprándolles contos que lles gusten...Pero a medida que crecen esta situación cambia e os nenos pasan a ver, na súa maioría a lectura como algo obrigatorio, e son poucos os que empregan a biblioteca como medio de evasión, de pracer, de diversión...

Este último apartado, é o que vai a xustificar a necesidade que vemos no centro de elaborar un Plan Lector; é dicir, si nas aulas vemos que os nenos a medida que se van facendo maiores len máis por obriga que por pracer, que non teñen un hábito lector axeitado, que presentan problemas de atención e de comprensión do que len...será necesario que nós como mestres elaborem unha serie de actividades co obxectivo de crear neles un gusto pola lectura, que non a vexan como algo tedioso e aburrido senón como un punto de partida para levar a cabo moitas e interesantes aprendizaxes, como un aspecto que vai enriquecer o seu intelecto...

❖ *Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.*

No apartado anterior xa explicamos como se traballan tanto a lectura como a escritura no noso centro. Ambos son dous aspectos aos que os mestres lles adicamos moito tempo e esforzo dende que son ben pequenos, xa que son a base das demais aprendizaxes.

Pero a pesar de adicarlle todo ese tempo e esforzo, soemos comprobar que ao rematar a etapa de primaria os resultados non soen ser os esperados pola maioría habendo moitas dificultades na comprensión lectora e tamén na expresión escrita, véndose esta bastante limitada na maioría dos casos. Isto o que nos indica é que a pesar de traballar tanto ao longo de toda a etapa, non é abondo.

Polo tanto, faise necesario que tanto dende o colexio como dende as familias se motive e promova aínda máis a lectura e a escritura; para que deste xeito as prácticas lectoras e escritoras do alumnado sexan mais ricas e gratificantes.

Tanto os pais como os mestres debemos servir como modelo de lectores incansables; as familias onde os pais len libros ,periódicos, cóntalles un conto aos fillos antes de durmir...están estimulando co seu exemplo que os nenos imiten os seus hábitos e sexan grandes lectores o día de mañá.

❖ *Análise das metodoloxías empregadas.*

Con respecto á consecución dos obxectivos que se propoñen, establécense os procedementos que o profesorado debe desenvolver durante o curso.

Respecto ao alumnado.

- Elaboración guiada, no seu caso, de normas da biblioteca de aula e seguimento destas.
- Mantemento da biblioteca de aula por parte dos responsables: titor e alumnado.
- Visita á biblioteca do Concello: a súa organización, normas e o seu modo de acceder ao libro.
- Realización de semanas para a exposición, intercambio, préstamo de libros e outras actividades paralelas que xiren en torno ao libro.
- Intercambio de libros.
- Obradoiros de encadernación e reparación de libros deteriorados.

Respecto ao profesorado.

- Organización e elaboración de normas e horarios da biblioteca de centro.
- Organización física de espazos, dentro da aula, destinados á biblioteca de aula.
- Definición de estratexias para desenvolver técnicas de animación á lectura.

- Actividades de control de lectura do libro prestado.
- Criterios para avaliar ao alumnado.
- Organización de campañas de lectura.

Selección de fondo bibliográfico.

Para seleccionar os libros que pasarán a formar parte do fondo bibliográfico do centro teranse en conta algúns aspectos:

- Libros que poidan ser empregados en diversos niveis, dada a súa calidade de imaxe e selección de contidos.
- Textos adaptados ao nivel e á idade.
- Calidade da imaxe.
- Manexabilidade por peso e formato.
- Fácil acceso ao contido.
- Contido xeral da obra en consonancia coa finalidade educativa do centro.

Na Educación Infantil e Primeiro ciclo de Primaria, a selección de libros farase, ademais do anteriormente escrito, seguindo os seguintes criterios:

- Libros para coñecer o mundo.
- Libros que lles sexan lidos por adultos.
- Libros para que os nenos/as manipulen libremente.

Xestión bibliotecaria e melloras.

Dada a multifuncionalidade dos espazos adicados ás bibliotecas do centro, estes poderán ser empregados para a realización de determinadas actividades e sempre que se considere oportuno.

Haberá dúas modalidades de préstamo: o de aula e o de biblioteca. Para a aula, serán responsables os titores ,os cales se encargarán ,dunha parte ,de retirar e devolver os libros á biblioteca do centro e doutra, de levar o rexistro de préstamos de aula. En canto á biblioteca de centro, o/a

responsable dos préstamos será o profesor/a encargado/a de biblioteca nos horarios que se determinen para tal fin.

Para realizar un préstamo, calquera que sexa a súa modalidade, dispórase dun rexistro no que anotarán o nome do alumno, o título do libro, a sinatura, data na que se retira e a data na que se devolve.

O noso programa de mellora da biblioteca escolar pretende:

- Reagrupar os fondos dispersos nas dúas salas de cada edificio, catalogalos e informatizalos. Este labor, previa preparación durante varias sesións, levaríana a cabo todos os mestres do centro.
- Acondicionar en cada aula de primaria o “Rincón de Lectura”, facendo atractivo o lugar co panel literario: carteis, debuxos, traballos, poesías de produción propia...
- Diseñar e realizar as distintas actividades de dinamización, organizar talleres de animación á lectura.
- Organizar a biblioteca seguindo o Programa Meiga con todo o traballo previo que isto implica (forrado e etiquetado de libros).
- Formación do profesorado.

Coordinación

Ao principio de cada trimestre, programaranse nos ciclos e cursos as actividades, establecendo as estratexias e recursos para as executar:

- Cuestionarios alumnado-profesorado.
- Entrevistas alumnado-profesorado.
- Escalas de observación.
- Ficheiros de lectura.
- Exposición comentada de textos lidos.

❖ *Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.*

Respecto aos recursos humanos hai que dicir que aparte de haber un encargado de biblioteca sería necesario de cara ao curso próximo que se

formara un grupo de traballo de profesores que colaboren co encargado de biblioteca, para deste xeito, facer máis operativo o traballo e axilizar as propostas plantexadas.

En canto aos recursos materiais diremos que vimos moi incrementado o número de exemplares ,xa que debido ao peche do colexio de Montederramo, a maioría dos libros que alí había pasaron a formar parte da biblioteca do noso colexio.

O curso pasado entre varias profesoras nos dedicamos a clasificar ditos exemplares por idades colocándoos nas estantes destinadas aos diferentes cursos ademais tamén ordenamos alfabeticamente tódolos exemplares que hai agora mesmo na biblioteca.

O colexio está subscrito á editorial Kalandraka, que cada pouco nos envía varios exemplares en galego e para diferentes idades que van destinados á biblioteca.

- *Necesidade de formación do profesorado neste ámbito.*

Un dos propósitos de cara ao curso que ven é poder catalogar a través do programa MEIGA todos os exemplares que hai agora mesmo na nosa biblioteca.

Para elo, fixemos como paso previo un proxecto de formación en centro para aprender a manexar o programa.

Sería necesario que durante os primeiros días de clase tódolos mestres, tanto os definitivos coma os provisionais que chegan novos ao centro recibiramos algunha sesión de formación de usuarios para así coñecer e empregar mellor a biblioteca.

2-Obxectivos, fundamentos e organización:

- *Formación de lectores competentes.*

Os **obxectivos xerais** do Proxecto Lector de centro son:

- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- Espertar e aumentar o interese dos alumnos pola lectura.
- Lograr que a maior parte dos alumnos descubran a lectura como un elemento de gozo persoal.
- Fomentar nos alumnos, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica no seu contorno.
- Promover entre os alumnos o uso cotián e diario da biblioteca de xeito que adquiran as ferramentas para o manexo eficaz, así como valoren a importancia de coidar e conservar os libros.
- Potenciar actividades de escritura de diferentes textos, en diferentes soportes, así como a procura documental para a elaboración de proxectos de traballo.
- Incorporar as TICS no día a día do centro de xeito que os alumnos aprendan a súa utilización nos diversos ámbitos e analizar a información que obteñen de xeito crítica.

Os obxectivos da biblioteca son:

- Proporcionar apoio aos programas de ensino-aprendizaxe.
- Asegurar o acceso a unha ampla gama de servizos e recursos.
- Dotar ao alumno das capacidades básicas para obter e usar unha gran diversidade de recursos.
- Habituvar aos alumnos á utilización da biblioteca con finalidade recreativa, informativa e de educación permanente.

Os obxectivos específicos da biblioteca para Educación Infantil son:

- Achegarse á biblioteca como lugar máximo de encontro cos libros e co resto da comunidade educativa.
- Establecer un primeiro contacto co libro de xeito lúdico.
- Adquirir hábitos de comportamento relacionados co xeito de estar na biblioteca.

Os obxectivos específicos da biblioteca para Educación primaria son:

- Profundizar na relación do neno coa biblioteca coma un lugar máximo onde pode saciar a súa curiosidade.
- Espertar, crear e estender o gusto pola lectura.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Profundizar nos hábitos de comportamento na biblioteca.
- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.

Os obxectivos a conseguir en relación ás familias son:

- Fomentar o uso e aprecio dos pais e nais da biblioteca como centro de documentación e lugar de formación.
- Favorecer que os pais e nais se convertan en modelos de bos lectores e contribúan a estimular a lectura dos seus fillos no tempo de ocio.

Os obxectivos en relación ao equipo docente e ao centro:

- Facilitar a través da información o coñecemento das habilidades lectoras e das estratexias de ensino máis axeitadas para levalas á cabo.
- Potenciar un estilo docente no que ofrecemos recursos alternativos ao libro de texto, ampliando as vías de acceso á información e ao coñecemento.
- Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.
- Fomentar o hábito de lectura diaria como un ben cultural en sí mesmo e no tempo de lecer.
- Estimular a concepción do profesor como investigador e como dinamizador da investigación do alumnado.
- Organizar a biblioteca como centro de documentación e recursos ao servizo de toda a comunidade educativa.
- *Creación e consolidación de hábitos de lectura.*

Para conseguir crear e consolidar hábitos de lectura nos nosos alumnos debemos presentar todas as ocasións posibles para animar a ler.

Na etapa de educación infantil lévanse a cabo actividades variadas enfocadas ao desenvolvemento da lectura como poden ser, entre outras, as seguintes:

- **Ter na aula un recanto adicado á biblioteca na que os nenos poden visualizar e manipular diferentes contos.**
- **Lectura por parte dos mestres de todo tipo de textos: adiviñas, contos, trabalinguas, poesías, rimas...**
- **Actividades en torno aos contos: dramatizacións, debuxos... Tódalas semanas os alumnos de infantil levan un conto para a casa os de cinco anos a partir del deben cubrir unha ficha co título do libro, a súa opinión...e un debuxo sobre o conto.**
- **Traballo con todo tipo de lectura empregando diferentes soportes: xogos informáticos ,interactivos, de lecto-escritura...**
- **Traballos cos nomes dos nenos para que os identifiquen e vaian recoñecendo as letras: escriben o nome propio e apelido, aprenden a relacionar unha imaxe significativa co seu nome...**

En Primaria xa se intenta ir progresivamente consolidando o hábito lector a través de actividades variadas.

No primeiro e segundo curso de primaria as lecturas realizáranse de xeito colectivo e por pequenos fragmentos a través dos cales se traballará a comprensión lectora. Debemos lembrar que nos seis cursos de primaria se adicarán 30 minutos de lectura diaria, xusto antes do recreo.

Entre outras se realizan as seguintes actividades de cara a conseguir establecer un hábito lector:

- **Lectura diaria de diferentes tipos de contos, tanto en galego como en castelán.**
- **Lectura dos enunciados das actividades nas distintas áreas.**
- **Pequenas dramatizacións sobre contos, obras de teatro...**

- Uso da biblioteca de aula, para aqueles momentos de lecer onde atopan libros de lectura rápida moi atractivos, con despleables, pops-up...
- Lectura de pequenas poesías infantís.
- Uso da biblioteca de centro, ben para acudir a ela a ler, escoitar un conto ou levar algún libro para a súa casa.
- Elaboración de pequenos contos, individualmente ou en grupo.
- Xogos de palabras variados e sinxelos: aforcado, palabras encadeadas...

No terceiro, cuarto, quinto e sexto curso xa temos lectores máis autónomos que poden levar a cabo outra serie de actividades un pouco máis complexas:

- Fichas para traballar a velocidade lectora.
- Lectura de rimas, poesías...
- Lectura de pequenas obras de teatro.
- Lectura diaria de distintos tipos de textos, lectura individual e grupal, tanto en galego como en castelán.
- Procurar información sobre diversas celebracións como Magosto, compadres e comadres, letras galegas...para elaborar murais.
- Analizar distintas novas de varios xornais.
- Uso da biblioteca de aula, para aqueles momentos de lecer onde atopan libros de lectura rápida moi atractivos, con despleables, pops-up...
- Xogos como o aforcado, encrucillados, xeroglíficos, caligramas
- Elaboración de libros dacordo as actividades que se vaian realizando como o Samaín, o Nadal, o Entroido...
- Realización de experimentos nos que teñan que seguir instrucións escritas.
- Todo tipo de actividades recollidas nos libros de texto, a maioría tras unha lectura; trátase de facer a comprensión de forma dirixida, con preguntas pechadas.

- *O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información.*

As principais características dun lector competente son:

- Posúe actitude para utilizar diferentes formas de lectura: lectura silenciosa, lectura en voz alta, rápida, selectiva, lenta.
- Recoñece diferentes tipos de textos escritos, comprende as súas mensaxes, o seu senso e o vocabulario que emprega: textos literarios, científicos, técnicos, descritivos, argumentativos ...
- É capaz de ler en diferentes soportes: xornais, enciclopedias, monitores, diapositivas...
- Constrúe proxectos de lectura con motivación variada :ler por pracer, por deber, por interese, por necesidade...

❖ **Literacidade. Competencia lectora .Competencia literaria.**

O concepto de literacidade abarca todos os coñecementos e actitudes necesarias para o uso eficaz dos xéneros escritos. A orientación é máis socio-cultural que baseada nos enfoques lingüísticos. Dende esta perspectiva entendemos a lectura e a escritura como unha práctica social, onde os nenos empregan os textos dentro dun contexto particular que debemos ter moi presente.

Debemos ter en conta que a literacidade abarca aspectos coma:

- **Multiliteracidade:** lectura de moitos textos, moi variados en moi pouco espazo de tempo.
- **Biliteracidade:** posibilidade de ler e escribir en dúas linguas.
- **Literatura de electrónica:** chats, xogos de simulación, e-mails, blogs, foros: uso real da linguaxe que hoxe xa ocupa un lugar importante.
- **Criticidade:** que nos permite adoptar un punto de vista crítico sobre o que lemos.

Ademais da competencia lectora tamén queremos que os nosos alumnos adquiran certa competencia literaria, formando lectores literarios: nenos e nenas que desfrutan cos libros, en especial coa literatura, coa ficción ou coa poesía.

Para ter éxito neste empeño requírese un entorno positivo: familia, sociedade e medios de comunicación estimulantes que estamos lonxe de acadar; pero tamén é verdade que esa minoría de lectores empedernidos saíran das nosas aulas e somos nós os que temos que dar resposta ás súas demandas.

Procuraremos traballar coas familias principalmente este tema facéndolle ver a importancia do seu papel motivador e de modelo a seguir.

❖ *Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.*

Os nosos alumnos necesitan ser lectores competentes en calquera tipo de soporte; deberán ser capaces de manexar unha páxina web, de facer un uso axeitado de internet, chats, blogs...

Para elo intentaremos dende tódalas aulas levar acabo todo tipo de actividades que axuntan a lectura coas novas tecnoloxías.

Na biblioteca contamos cunha serie de ordenadores ademais dunha pantalla dixital para que os alumnos poidan aumentar a súa competencia lectoescritora escribindo, relendo, corrixindo, construíndo linguaxe dende as novas tecnoloxías e a través de tódalas áreas, xa que non podemos esquecer o carácter motivador desta nova forma de traballo.

Con relación aos textos empregaremos todo tipo de textos según os diferentes niveis: descritivos, narrativos, expositivos...

❖ *Metodoloxías máis axeitadas.*

Tanto dende a aula coma dende a biblioteca levaremos a cabo diferentes actuacións que nos axudarán a seguir unha metodoloxía de traballo tanto en infantil como en primaria.

En infantil, por exemplo, tódolos venres os nenos/as acoden a biblioteca e escollen un conto que levarán para a casa e lerán coas súas familias; despois de ler o conto cobren unha ficha cos datos máis relevantes do mesmo (título ,personaxes...) e fan un debuxo sobre el. Tamén contan a súa opinión sobre o conto.

Nas aulas tamén teñen o seu recuncho de lectura o que poden acudir cando a súa mestra o indique e un día a semana esta le un conto en voz alta para todos.

En primaria, realizase un servizo de préstamo tanto da biblioteca de aula como da biblioteca de centro.

Tamén levamos a cabo diferentes actividades de animación á lectura, exposicións temáticas (semana da Paz, Entroido, Samaín...).

❖ *Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.*

Necesitamos organizar espazos e tempos para posibilitar ambientes lectores. Para o cal, cada aula fixará unha hora á semana para acudir a biblioteca; porase un horario na porta da biblioteca onde figuren as horas reservadas por cada mestre/a para o seu uso.

Ademais, en cada aula, abdicáranse trinta minutos diarios á lectura, ben sexa individual ou en grupo, media hora antes do recreo(de 11:00 a 11:30 h).

❖ *A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social. Recursos culturais do entorno (bibliotecas e outros).*

Unha das función máis importantes que ten a biblioteca escolar é a de compensadora de desigualdades e polo tanto, tódalas actividades propostas se concretan en diferentes niveis para que todos os nenos/as poidan acceder a el asen prexuízo das súas capacidades ou destrezas.

A biblioteca está situada na planta baixa do colexio co fin de facilitar a accesibilidade a toda a comunidade educativa.

Procuramos aproveitar en todo momento os recursos culturais que nos ofrece o entorno como poden ser: obras de teatro en Ourense, concertos, exposicións ...

Contamos cunha biblioteca municipal no Castelo que soemos visitar cada curso con tódolos alumnos/as.

❖ *Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.*

O proxecto está coordinado polos mestres que formamos un grupo de traballo e apoio á biblioteca, e en determinadas actividades puntuais tamén participan mestres voluntarios.

❖ *Modo de difusión e apoios necesarios.*

No colexio contamos con páxina web para poder difundir o noso traballo e o que pretendemos é que todas as decisións se tomen de xeito consensuado por todo o profesorado e que todos estean implicados neste proxecto dalgún xeito.

3-Intervencións que cómpre sistematizar:

- **Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas. Fomento de hábitos de lectura.**

Un xeito moi adecuado de traballar moitas competencias lingüísticas e, ao tempo, de capacitar ao noso alumnado como usuarios conscientes dos servizos da biblioteca escolar preparándoos para o reto de aprender a aprender é a elaboración de traballos de investigación documental .

A procura, selección e uso da información require o desenvolvemento de múltiples habilidades, como son formular e analizar as necesidades, identificar e avaliar posibilidades, ubicar cada un dos materiais, examinar, seleccionar e refugar recursos, avaliar os contidos, rexistrar extraer o

máis interesante, interpretar, analizar e sintetizar a información que imos usar, organizala e presentala e ,por último, avaliar o traballo.

Á vista da importancia do desenvolvemento de todas estas habilidades, a potenciación dos exercicios de procura documental, alomenos nos últimos cursos de primaria, resulta completamente necesaria. Estes proxectos documentais son unha moi boa ferramenta para construír o coñecemento acordes cos retos da sociedade da información, xa que os alumnos/as ao tempo que investigan sobre un aspecto concreto, familiarízanse cos mecanismos básicos de procura de información.

Para unha correcta dinámica na elaboración destes traballos cómpre seguir unha serie de pasos por parte de todos os que interveñen no proceso, dende o mestre que propón a actividade, ao alumno/a que a elabora e os compañeiros/as da mesma aula que son os receptores finais da tarefa elaborada. Para elo comezamos facendo borradores que se irán revisando e ampliando progresivamente ata conseguir o traballo desexado no que tódalas partes estean claramente presentes. Partir de borradores permítenos revisar, completar, autoavaliar o proceso e aportar todo tipo de información necesaria ata acadar o obxectivo proposto.

1. Definir o obxectivo da procura.

O profesorado á hora de propor un traballo desta natureza deberá delimitar con claridade o campo de traballo, sinalando concretamente o que quer que sexa investigado. Así mesmo, o profesorado deberá aportar unha bibliografía básica para a elaboración, así como páxinas web que puidesen servir para a achega de datos. Sería, por último, desexable aportar un esquema que o alumnado deberá seguir na elaboración do traballo, e deixar claro sempre como se espera que se expoñan os resultados da investigación.

2. Procura dos documentos.

O alumnado deberá coñecer as fontes de información dispoñibles, os documentos que mellor lle poidan aportar información relevantes, procuralos nos andeis ,no catálogo da biblioteca, na rede...

3. Seleccionar os documentos.

Elixir os documentos máis axeitados dependendo do tema que se trate. tomando notas de todos os documentos escollidos. É importante que poidamos consultar varias fontes e contrastar así os datos recollidos nunha ou noutra publicación.

4. Obter a información.

Para a obtención da información haberá que ler os documentos, seleccionar a información e tomar notas para a posterior elaboración. Non nos valerán fotocopias de documentos ou a táctica de copiar e pegar habitual nas procuras na rede. A toma de notas resulta fundamental no que supón de selección dos contidos relevantes de cada documento e unha das habilidades, das que xa fixemos referencia, que pretendemos potenciar no noso alumnado.

5. Sintetizar a información.

Neste paso as información recollidas no apartado anterior Terán que ser resumidas e organizadas por un esquema lóxico.

6. Presentar a información.

Unha vez recollidas as información necesarias, seleccionadas e organizadas dun xeito lóxico, haberá que preparar a comunicación dos resultados ao grupo da clase, ao resto do colexio ou á comunidade escolar, dependendo das características do propio traballo. Segundo o que pretendamos en cada caso, teremos que escoller entre distintos tipos de presentación (montaxe de diapositivas, exposición oral, paneis informativos...).

No caso que elixísemos a realización dun traballo escrito, este deberá ter en conta determinadas compoñentes necesarias para unha presentación axeitada. Así é necesario, por exemplo, que se presente cunha portada na que se indique o autor, título e data. Tamén deberá conter un índice ou sumario no que se vexa claramente a súa estrutura e os aspectos abordados. No desenvolvemento do traballo e por último, deberá constar

expresamente a bibliografía empregada e as fontes documentais consultadas.

7. Avaliar o traballo.

O remate final de todo proceso educativo é o da avaliación do mesmo, xa que é o que determina a validez de todo o proceso educativo. No caso das procuras documentais a avaliación non se ha restrinxir a valorar só o produto final, senón que deberá valorar o desenvolvemento das distintas fases ás que fixemos referencia, logo avaliaremos os diferentes momentos do proceso.

- Integración das TIC.**

As novas tecnoloxías van adquirindo unha importancia capital no funcionamento das bibliotecas, e afrontar o reto organizativo e didáctico que supoñen é unha das chaves para o futuro das mesmas.

No noso centro temos en proxecto levar a cabo a catalogación informática dos fondos bibliográficos a través do programa MEIGA da consellería de cultura; é por ese, polo que varios membros do equipo da biblioteca fixeron un curso de formación na xestión deste programa.

Na biblioteca contamos con oito ordenadores conectados a internet e que se atopan a disposición do alumnado para a súa utilización como fonte de información para os traballos documentais.

Ata o momento pensamos que este equipamento informático non está a ser moi utilizado a nivel didáctico e está entre un dos proxectos para este próximo curso o deseñar unha estratexia para uniformar os traballos de investigación que se lle propoñen ao alumnado e promover a súa inclusión nas programacións de actividades de aula.

- Implicación das familias e do contorno.**

Dende o noso centro pensamos que é moi importante implicar ás familias neste importante proceso de formar bos lectores nos primeiros grupos de

referencia, así como participar activamente en propostas de escritura creativa.

4-Criterios e procedementos de avaliación.

A avaliación realizarase ao final de cada trimestre por parte dos diferentes cursos. Ao final de curso tamén se efectuará a avaliación tendo sempre en conta os obxectivos propostos neste proxecto.

Os resultados da avaliación formarán parte da Memoria Final, ao igual que os resultados doutros proxectos.

A avaliación global farase ao amparo da finalidade obxectiva que persegue este proxecto e que vén dada polos seus obxectivos xerais.

Valorarase os niveis acadados polo alumnado, o grao de adecuación das actividades, a eficacia da xestión dos espazos e recursos e a flexibilidade do proxecto para ser volto a deseñar de modo continuo. Avaliaranse, ademais, outros aspectos:

- ✓ Disponibilidade de espazos físicos, recursos e o seu tratamento.
- ✓ Emprego eficaz de recursos dispoñibles.
- ✓ Xestión de volumes.
- ✓ Nivel de participación nas actividades.
- ✓ Actividades que supoñan participación colectiva do centro.
- ✓ Actitude do alumnado e titores cara o proxecto e as súas actividades.
- ✓ Nivel de aceptación, por parte do alumnado, da selección de textos.
- ✓ Actitude do alumnado cara á lectura e ao ambiente creado.

Entre os criterios que empregaremos para avaliar ao alumnado están os seguintes:

- ❖ Consultar, buscar información tomando como fonte a biblioteca de aula ou de centro.
- ❖ Usar axeitadamente a biblioteca.
- ❖ Comprender e usar os mecanismos do servizo de préstamo da biblioteca de aula e de centro.

- ❖ Empregar correctamente a biblioteca de aula e de centro nos horarios previstos ou en momentos nos que se permita.
- ❖ Ser capaz de expresar, oralmente ou por escrito, opinión sobre cada libro consultado.
- ❖ Propoñer críticas sobre os libros empregados.
- ❖ Realizar actividades de clase empregando a biblioteca de centro como recurso.

E xa para rematar, queremos deixar reflexadas algunhas das actividades e propostas de cara a este curso, entre as que se atopan:

- Aumentar a formación do profesorado no funcionamento da biblioteca e o proceso de ensinanza-aprendizaxe, avaliar as nosas metodoloxías e modificar as nosas programacións.
- Programar actividades lúdicas para motivar máis ao alumnado: contacontos, contos clásicos, decoración, lecturas en voz alta dos alumnos/as.
- Programar actividades de formación de usuarios de biblioteca.
- Empregar a biblioteca como centro de recursos e aula de traballo programando actividades que a inclúan no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Potenciar o préstamo.